

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DE MEDICINA XENÓMICA PARA ACTIVIDADES CIENTÍFICAS, PEDAGÓXICAS, DE INVESTIGACIÓN E OUTRAS DE INTERESE PARA AS PARTES NO ÁMBITO DA MEDICINA XENÓMICA.

Santiago de Compostela, a 16 de xaneiro de 2019

COMPARECEN

Dunha parte, **D. Jesús Vázquez Almuiña**, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia; e na súa condición de presidente do padroado da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica, segundo determina o artigo 10 dos seus Estatutos; así como co que dispoñen os Decretos 41/2013 e 43/2013, do 21 de febreiro, polo que se establecen a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente, a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Doutra parte, **D. Antonio López Díaz**, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, con CIF Q1518001A, que actúa en nome e representación da Universidade en virtude do seu nomeamento polo Decreto 57/2018, do 31 de maio, e polas facultades conferidas pola Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro de Universidades, e do Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

As partes recoñécense capacidade legal para subscribir o presente convenio marco, e para isto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO. Que o artigo 1 do Decreto 41/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, determina que esta é o órgano da Administración autonómica responsable da dirección e control do desenvolvemento das funcións e competencias que corresponden á Xunta de Galicia en materia de sanidade, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía de Galicia, na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e na Lei 5/1999, do 21 de maio, de ordenación farmacéutica.

O Servizo Galego de Saúde é un organismo autónomo dotado de personalidade xurídica propia, adscrito á Consellería de Sanidade desde a súa creación pola Lei 1/1989, do 2 de xaneiro. Ten entre as súas funcións: a xestión das prestacións sanitarias e a xestión dos centros, servizos e establecementos sanitarios propios ou adscritos ao mesmo; a política de relación con outras Administracións Públicas; así como o desenvolvemento de programas de formación e docencia dos seus profesionais dentro da súa competencia ou que sexan necesarios para os seus fins.

Que a Universidade de Santiago de Compostela é unha entidade de dereito público que desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico. Está dotada de personalidade xurídica e patrimonio propios e goza de autonomía académica, económica e de goberno de acordo coa Constitución e coa Lei 6/2011, do 21 de decembro, e entre os seus fins prioritarios figuran, entre outros, colaborar cos sectores socioeconómicos para asegurar un dos fins da formación e a investigación, que é a innovación e a modernización do sistema produtivo.

Que segundo o artigo 4 dos seus Estatutos, para o mellor desenvolvemento das súas funcións, a Universidade de Santiago de Compostela propiciará o establecemento de relacións con outras universidades, organizacións e institucións, moi en particular coas de carácter académico, científico e cultural.

SEGUNDO. A Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica é unha entidade sen ánimo de lucro, de interese galego, con personalidade xurídica propia e de competencia autonómica adscrita á Consellería de Sanidade, a través da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde, que ten afectado de forma duradeira o seu patrimonio á realización dos fins de interese xeral que se detallan nos seus estatutos.

Que segundo o artigo 6 dos estatutos se enumeran os fins de interese xeral da actividade da Fundación, entre e os que se atopan: garantir o acceso dos cidadáns a probas xenómicas, promover o desenvolvemento dunha medicina xenómica competitiva en Galicia, dispoñer dos recursos tecnolóxicos e humanos necesarios para o eficaz desenvolvemento da investigación xenómica en Galicia, establecendo programas e estándares de calidade, e promover a constitución de equipos multidisciplinares para o desenvolvemento de proxectos e traballos na xenómica.

TERCEIRO. Que é de interese común da Consellería de Sanidade, o seu organismo autónomo o Servizo Galego de Saúde, a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica e da Universidade de Santiago de Compostela o desenvolvemento de actividades científicas, pedagóxicas, de investigación e outras no ámbito da medicina xenómica, en tanto que, todas as partes teñen como función básica a prestación dun servizo público á sociedade.

CUARTO.- Que tanto a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde como a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica e a Universidade de Santiago de Compostela, están de acordo en sumar os seus esforzos para establecer unha colaboración en campos de interese común no ámbito da medicina xenómica (análises de ADN, asesoramento científico-técnico, cooperación formativa).

Polo anteriormente exposto, as partes acordan subscribir o presente convenio marco de colaboración de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto deste convenio é o establecemento dun marco de actuación para a colaboración entre a Consellería de Sanidade, o seu organismo autónomo o Servizo Galego de Saúde, a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica e a Universidade de Santiago de Compostela para o desenvolvemento de actividades científicas, pedagóxicas, de investigación e outras que sexan de interese para as partes no

ámbito da medicina xenómica.

Para a materialización dos proxectos en desenvolvemento do obxecto deste convenio, no marco das súas dispoñibilidades orzamentarias, deberán firmarse acordos ou convenios específicos de colaboración.

SEGUNDA. ÁMBITO DE COLABORACIÓN

Os ámbitos de colaboración entre as partes convenientes serán os seguintes:

- Traballos destinados á obtención de datos de xenotipado de variantes xenéticas e análises de niveles de metilación en mostras de ADN humano para a posterior análise e diagnóstico.
- A execución de proxectos e programas de investigación e desenvolvemento, a realizar entre os Institutos e ou Centros da Universidade de Santiago de Compostela e do Servizo Galego de Saúde.
- A cooperación en programas de formación de persoal investigador e técnico.
- O asesoramento mutuo en cuestións relacionadas coa actividade das dúas entidades.
- A organización e execución de actividades comúns relacionadas coa promoción social da investigación, a docencia e o desenvolvemento tecnolóxico.
- Cantas outras sexan consideradas de interese mutuo, dentro das dispoñibilidades das partes e das actividades que constitúen o obxecto do presente convenio marco.

TERCEIRA. NORMAS DE COLABORACIÓN.

As colaboracións derivadas deste convenio marco quedarán sometidas ás normas aquí indicadas, á lexislación vixente, á normativa interna de cada institución e a aquelas que se acorden para cada un dos convenios específicos que se formalicen, tendo en conta a natureza da colaboración e o centro onde se realice o traballo.

Ningún proxecto ou programa de actuación poderá realizarse sen estar, previamente, definido e regulado nun convenio específico.

Os convenios específicos que se realicen vinculados a este Convenio marco, deberá(n) ser aprobado(s), de selo caso, polo(s) órgano(s) de goberno das institucións e asinados polos/as seus/súas representantes legais, de acordo co sinalado en cada caso pola normativa que resulte de aplicación.

CUARTA. DESENVOLVEMENTO

Cada proxecto e/ou programa de actuación no marco deste convenio será obxecto de desenvolvemento a través dun convenio específico que deberá conter, entre outros, os seguintes aspectos:

- A definición do obxectivo que se persegue.
- A descrición do Plan de traballo, que incluírá as distintas fases do mesmo e a cronoloxía do seu desenvolvemento.

O orzamento total e medios materiais e humanos que requira o citado programa, especificando as achegas de cada entidade.

- As normas para a coordinación, execución e seguimento do proxecto.
- Normas sobre a confidencialidade, a propiedade industrial, a publicación e a explotación dos resultados que se obteñan no desenvolvemento do proxecto, no suposto de programas de investigación.

QUINTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para facilitar a elaboración dos Convenios específicos, o seu seguimento e cumprimento, constituirase unha Comisión mixta integrada por:

- Unha persoa en representación da Consellería de Sanidade.
- Unha persoa en representación do Servizo Galego de Saúde.
- Dúas persoas en representación da Universidade de Santiago de

Compostela.

- Dúas persoas en representación da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica.

SEXTA. FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO

A comisión reunirse, con carácter ordinario, unha vez ao ano, previa convocatoria. Con carácter extraordinario reunirse sempre que o solicite calquera das partes.

Á Comisión correspóndenlle, entre outras, as seguintes funcións:

- Promover e velar polo adecuado desenvolvemento deste convenio
- Propoñer posibilidades de colaboración en temas de interese común.
- Preparar os convenios e específicos de execución, dentro das modalidades de colaboración establecidas na cláusula segunda.
- Elevar as propostas que elabore, aos órganos competentes das partes.
- Realizar o seguimento dos convenios específicos que se subscriban, así como aclarar e decidir calquera dúbida e discrepancia respecto da interpretación e cumprimento deste convenio, sen prexuízo do establecido na lexislación correspondente.

SÉTIMA. PERSOAL E RELACIÓNS LABORAIS

No marco deste convenio, as partes poderán autorizar ao seu persoal para que desenvolva a súa actividade en instalacións das outras entidades ou organismos dependentes delas, sen que iso supoña ningunha alteración na relación xurídica e contractual do persoal con cada unha das partes, asumindo a súa remuneración e demais obrigacións civís e sociais a entidade de orixe, polo que non poderán esixir ningunha responsabilidade (nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria) durante a execución das actuacións ou vixencia dos diferentes Convenios específicos que se formalicen. Este persoal estará obrigado, en todo caso, a cumprir coas normas que rexan no centro de destino.

OITAVA. EQUIPAMENTO, INSTALACIÓNS E MEDIOS MATERIAIS

Os bens aportados por cada parte no cumprimento dos diferentes convenios específicos serán sempre da súa propiedade. Tanto o persoal do Servizo Galego de Saúde, da Consellería de Sanidade ou da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica (ou organismos dependentes) como da Universidade de Santiago de Compostela poderán usar, de xeito compartido, o equipamento, instalacións e medios materiais das referidas entidades necesarios para o cumprimento dos obxectivos recollidos nos diferentes convenios específicos que se formulen, e comprométense ao bo uso e mantemento dos equipos e medios empregados. En caso de avarías ou mal funcionamento, comunicarase á parte propietaria do equipo correspondente para que se leven a cabo as actuacións necesarias para a súa reparación e posta a disposición.

Os bens inmobles ou equipos empregados no cumprimento dos convenios específicos, así como a súa propiedade, forman parte do inventario de cada institución ou dos organismos obxecto do convenio e controlárase por cada unha delas independentemente do que se fixe en cada convenio específico para o seu mantemento e conservación. Nese caso, o organismo que xestione o mantemento e conservación dos bens será o responsable dos danos que se ocasionen a terceiros ou ás dependencias do centro, si se comproba que eran debidos a un mal funcionamento ou unha mala conservación dos devanditos bens.

En cada convenio específico detalláranse os diferentes bens e equipos adscritos, así como o persoal asociado ao seu desenvolvemento.

NOVENA. FINANCIAMENTO

A subscrición deste convenio marco non comporta obrigacións económicas para ningunha das partes. Para a realización das diferentes actividades recollidas en cada convenio específico estipularase a contribución económica que, dentro das súas disponibilidades, cada unha das partes achegue.

DÉCIMA. PUBLICACIÓN DE RESULTADOS, CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Cada unha das partes comprométese a non difundir, baixo ningún concepto, as informacións científicas ou técnicas pertencentes ás outras partes ás que poida ter acceso no desenvolvemento deste Convenio, salvo consentimento expreso, sempre que esas informacións non sexan de dominio público.

Neste sentido, a parte receptora da citada información manteraa en confidencialidade e estrito segredo, e evitará revelala a calquera, fóra daqueles/as empregados/as autorizados/as e soamente naqueles temas necesarios para o obxecto deste convenio marco.

En caso de realizarse tratamento de datos de carácter persoal, este realizarase de conformidade co que establece o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE así como no resto de lexislación vixente nesta materia. Os datos de carácter persoal empregaranse única e exclusivamente conforme ás finalidades e instrucións derivadas deste convenio, e non os comunicarán ou cederán a outras persoas, nin sequera para a súa conservación.

En caso de incumprimento do estipulado nesta cláusula, a parte responsable do incumprimento e os/as técnicos/as que formen parte do equipo de traballo, serán responsables das infraccións que del se deriven.

UNDÉCIMA. PROPIEDAD INTELECTUAL E INDUSTRIAL

A propiedade intelectual derivada das accións precisas para a materialización do obxecto do convenio marco e dos convenios que se firmen, estará suxeita ás disposicións legais vixentes na materia, se ben as partes poderán determinar en cada un dos convenios específicos que se formalicen, o réxime aplicable e reparto en relación cos resultados da investigación obtidos.

DUODÉCIMA. VIXENCIA

O presente Convenio marco entrará en vigor no momento da súa firma e a súa vixencia será de dous anos.

O convenio poderá prorrogarse, por acordo unánime das partes, por igual período de tempo de acordo co límite que establece a letra h) no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

DECIMOTERCERA.- RESOLUCIÓN DO CONVENIO MARCO

Son causas de resolución do presente convenio marco as seguintes:

1. O acordo unánime das partes.
2. O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgunha das partes asinantes.

Neste caso, calquera parte poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que satisfaga nun determinado prazo ás obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado á Comisión de seguimento do convenio.

3. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
4. Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista neste convenio ou nunha lei que sexa de aplicación.
5. A ausencia de desenvolvemento a través de convenios específicos.

Calquera das partes poderá, á súa vez, denunciar o presente convenio marco comunicándoo por escrito ás outras partes con 3 meses de antelación á data na que se pretenda resolver aquel.

DECIMOCUARTA. XURISDICIÓN

Este convenio marco ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello de 26 de febreiro de 2014, segundo o que establece o seu artigo 6.1.

As partes comprométense a resolver de xeito amigable calquera desacordo que poida

xurdir no desenvolvemento do presente Convenio.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación ou no incumprimento das obrigacións que se deriven da aplicación dos diferentes convenios específicos, e que non poidan ser dirimidas pola Comisión de seguimento creada para tal efecto, quedarán sometidas á xurisdición contencioso administrativa, dado o carácter público das partes intervenientes.

DECIMOQUINTA. REXISTRO DE CONVENIOS, TRANSPARENCIA E BO GOBERNO

A firma deste convenio marco de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervenientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro.

E en proba de conformidade, os representantes das entidades asinan o presente Convenio en catro exemplares orixinais igualmente válidos e estampan neles as súas respectivas firmas no lugar e na data mencionadas.

Pola Consellería de Sanidade

Pola Universidade de Santiago de Compostela

D. Jesús Vázquez Almuiña

D. Antonio López Díaz